

# edu.symbaloo.com

## *Garda as túas ligazóns dun xeito visual*

### 1.- Como gardo as ligazóns ós sitios web que me parecen interesantes?

Cando buscamos e atopamos na rede algunha web que que nos parece interesante para empregar nas nosas aulas, algún xogo online, algún vídeo interesante para traballar cos nosos alumnos e alumnas, deberemos ter claro como imos facer para poder empregalo cando cheguemos á nosa aula. Ante esta situación podemos optar por estas alternativas:

1. Se atopamos a web empregando un buscador como google.com, podemos tentr buscalo unha vez cheguemos á aula, pero podemos atoparnos co problema de non atopar a web concreta que atopamos na nosas casas, de ningún xeito poderíamos facerllo chegar ós nosos alumnos se queremos que poidan acceder desde as súas casas.
2. Podemos tentar copiar a url do enderezo web, pegalo nun documento de texto, levar ese documento á nosa aula e voltar a pegar ese enderezo url para acceder á web. Teremos que levar sempre connosco un pen drive con dito arquivo e non sería cómodo se ademais nos interesa que os nosos alumnos e alumnas poidan acceder a esa web desde as súas casas.
3. Se imos empregar o mesmo ordenador na aula, poderemos gardalo no apartado de favoritos do navegador. Teremos o problema de ter gardada esa ligazón nese ordenador en concreto e non nos demais, incluído o da aula ou os alumnos/as nas súas casas.
4. Poderíamos **ter un sitio web en internet na que ter almacenadas as nosas ligazóns favoritas**, de xeito que tan só teñamos que entrar a esa web e desde alí poder acceder doadamente ás nosas ligazóns. Neste caso se o alumno coñece o enderezo dese sitio web tamén podería acceder ás mesmas desde as súas casas.

### 2.- Como podo ter un sitio web en internet para almacenar as miñas ligazóns?

Se estamos interesados en que as nosas ligazóns favoritas se atopen dispoñibles en todo momento en internet, de xeito que desde calquera ordenador poidamos acceder a elas, teremos, entre outras, estas dúas formas de facelo:


- Empregando un blog ou web: neste caso poderemos ter publicada unha entrada na que ir recopilando as ligazóns que viamos precisando en cada momento. Podes ver un exemplo aquí



Neste caso creouse unha entrada na web/blog do colexio na que se foron engadindo ligazóns a diferentes sitios webs que se ían empregar na aula.

- Empregando un servizo online que permita almacenar as nosas ligazóns: Un deses servizos é **symbalooedu**, que é gratuito e permite gardar as nosas ligazóns dun xeito moi visual e intuitivo.

Nas seguintes páxinas aprenderemos como crear o noso symbaloo e como empregalo na aula.



**symbaloo ou symbalooEdu?**


Ámbolos dous servicios son exactamente iguais no seu funcionamento, a única diferenza é que a versión “edu” non contén publicidade e está orientada a contidos educativos. Por esta razón será o que empregemos neste manual, se ben todo o aquí indicado é de aplicación a versión normal.

**5.- Como funciona symbalooedu?**

symbalooedu permite que teñas as túas ligazóns favoritas organizadas nunha grella dun xeito moi visual, ó acceso ás diferentes webs almacenadas realízase premendo nos diferentes botóns dispoñibles.

**En symbaloo poderemos:**

- Gardar e eliminar cantas ligazóns queiramos
- Crear diferentes categorías ou pestanas que symbaloo denomina webmix.
- Personalizar tanto o aspecto do noso webmix (grella), como de cada botón.
- Poderemos decidir que “webmix” queremos que sexan públicos e cales privados



Cada unha das ligazóns a webs que gardemos aparecerán como un botón na nosa grella de symbaloo

Poderemos elixir que imaxe amosar, que texto descriptivo e mover os botóns de lugar dentro da grella para organizalos como queiramos.

A grella de symbalooedu coñécese como “webmix”, poderás crear tantos webmix como desexes para organizar as túas ligazóns.



**4.- Como creo a miña conta en symbalooedu?:**

Para poder empregar symbalooedu teremos que darnos de alta como usuario para así poder almacenar no seu servizo as nosas ligazóns favoritas. É moi doado rexistrarse e tan só precisaremos contar cunha conta de correo electrónico e pensar que contrasinal queremos empregar para acceder ó servizo.

Só teremos que crear a nosa conta en symbalooedu unha vez, a partir desde momento contaremos cun usuario e contrasinal para xestionar as nosas ligazóns favoritas.

Escribimos no navegador: <http://edu.symbaloo.com>

*Tamén poderemos atopalo doadamente buscando en google a palabra symbalooedu.*



O botón “registrarse” permite crear a nosa conta en symbaloo. Só teremos que facelo unha vez.

Empregaremos o botón “entrada” para acceder ó servizo para engadir ligazóns cada vez que o precisemos.




Para crear a nosa conta en symbaloo deberemos introducir:

- **nome:** o nome que aparecerá como autor
- **e-mail:** a túa conta de correo, que empregarás para acceder, para comprobar que é túa recibirás un correo de confirmación.
- **contrasinal:** o contrasinal que empregarás para acceder a symbaloo, pide que o repitas para evitar erros.

### 5.- Xa teño un conta en edu.symbaloo.com... Para que serve cada cousa?

Se xa te rexistraches en symbalooedu xa poderás entrar no servizo premendo o botón “entrada” indicando o e-mail que empregaches para crealo e o contrasinal que elexiches.  
En canto accedas atoparas unha pantalla como a seguinte:



**Webmix:** cada unha das pestanas é un webmix, é dicir unha categoría. Para navegar entre elas debes premer cada pestana

**Escritorio:** lévanos ó noso primeiro webmix

**Menú:** desplega un menú con diferentes opcións

**Opcións do webmix activo:** Cambia o fondo, o nome do webmix, a cor, etc...

**Borrar:** facendo click borra o webmix cos enlaces que teña e arrastrando un bloque ata aquí podemos borrarlo.

**Engadir webmix:** premendo o botón + poderemos crear un novo webmix

**Compartir:** fai público o webmix no que te atopas. Todos poderán velo.

**Actualizar:** actualiza o contido do teu webmix se -é público

**Xestiona a túa conta:** cambia o idioma, os teus datos contrasinal e saír do servizo.

**Bloque:** cada bloque pode almacenar unha ligazón. Neste caso un que xa ten ligazon


Para modificar un bloque que xa ten ligazón temos que premer co botón esquerdo do rato

**Bloque:** cada bloque pode almacenar unha ligazón. Neste caso un bloque valeiro

Os bloques valeiros actívanse co botón esquerdo do rato

### 6.- Mostrando ou ocultando os webmix:

Cando entres no teu symbalooedu por primeira vez, verás que xa tes creado unha serie de webmix que aparecen por defecto, posiblemente **desexes borrarlos e comezar desde cero**, ou tal vez desexes mantelos e simplemente ocúltalos da túa vista.



**Menú:** desde este botón Poderás acceder a tódolos webmix, estean ocultos ou non, desde alí tamén poderemos facer que aparezan como pestaña premendo sobre eles

**Ocultar:** podes ocultar os webmix que desexes da túa vista, facendo click na X que parece na esquina de cada un isto non significa que os esteas a borrar, xa que poderas voltar a facer que aparezan desde o menú


**Un caso real:**

Supoñamos que na nosa aula estamos a investigar “o espacio”, dentro dun proxecto de traballo e investigación”, e queremos ter a man unha serie de ligazóns a información que empregaremos co alumnado na investigación. Ademais queremos que o alumnado poida acceder doadamente, e de forma autónoma, a esas ligazóns. Queremos poder acceder a esas ligazóns desde calquera ordenador incluso desde as súas casas.


Vexamos como poderíamos facelo empregando symbalooedu, e de paso iremos analizando como traballar coas ferramentas básicas do symbalooedu.

**7.- Creando un webmix chamado “o espacio”.**

O primeiro que precisaríamos, para o noso caso real, sería crear un webmix chamado “o espacio” onde meter as ligazóns que imos empregar na nosa aula (poderíamos crear un webmix para xogos, outro para ligazóns persoais, outro para vídeos, outro a diarios online.... todos os que queiramos e precisemos)



Para crear o noso novo webmix premeremos o botón +, indicamos o nome do noso webmix na nova ventá que se abrirá e prememos “añadir”.



Nese momento veremos como temos un novo webmix valeiro, coa súa correspondente pestaña chamada “o espacio”.

**8.- Comezamos a engadir as ligazóns que nos interesen: “ligazón á web sobre Neptuno”**

No noso caso real, chega o momento de ir engadindo as ligazóns ós sitios web que nos interesen para traballar no noso proxecto de traballo, entre todo o que queremos engadir temos páxinas de información con texto e tamén algúns vídeos... poderíamos ter creado un webmix para cada un dos tipos de contido, pero queremos telos todos no único webmix que acabamos de crear, pero á vez non queremos que estean mesturados.

O primeiro de todo será navegar e buscar a ligazón ó sitio web que estamos interesados, supoñamos por exemplo a información que existe na wikipedia sobre o planeta neptuno, unha vez esteamos xa na páxina que queiramos “gardar”, tan só teremos que copiar a URL, que atoparemos na barra de navegación do navegador.

**URL:** é o enderezo da web que estamos visitando e podemos atopala na barra de direccións do noso navegador.

Esta URL deberemos copiala para engadila no noso symbaloo.

**Bastará con seleccionala co rato e co botón dereito escoller a opción copiar.**




Coa URL (endereço) da web que nos interesa copiada, neste caso a páxina de neptuno na wikipedia, imos engadila no noso symbalooedu, no webmix “o espacio”.

Lembra que no teu navegador podes empregar diferentes pestanas, nunha delas podes ter o sybaloo aberto e empregar outras para navegar e copiar o endereço (url) deste xeito será máis doado entrar no symbaloo para engadilo, xa que o teremos á man

Prememos nun dos bloques valeiros e veremos aparecer este novo menú lateral

Nese menú escollemos “crear un novo bloque”, xa que o que queremos facer e que ese bloque que seleccionamos, se convirta nun acceso á páxina da wikipedia sobre neptuno.



Aquí veremos como vai quedando o noso bloque

Aquí pegaremos a url (endereço) que temos copiada, co botón dereito do rato e elexindo “pegar”


Poderemos darlle un nome ó noso bloque, que aparecerá escrito no mesmo. No noso caso chamarase “neptuno”

Se queremos podemos tamén escoller unha cor para o fondo bloque así como color para o texto do bloque. Empregar un código de cores de fondo permitirá organizar a nosas ligazóns segundo o tipo de contido.

Tamen podemos escoller unha imaxe do noso ordenador para que se vexa no bloque, ou elexir un icono. Se non indicamos nada symbaloo escollerá unha das imaxes que se atopan na web que estamos a usar.

Cando peguemos a url (endereço) da web veremos como se van a ir completando os restantes campos como o nome e a imaxe, podemos deixar o que nos propoña se nos gusta, ou ben cambialos por aqueles que queiramos, en todo caso sempre poderemos modificar calquera bloque creado.

O bloque recién creado poderemos movelo a calquera outro sitio do noso webmix, simplemente arrastrándoo ata outro lugar, incluso poderemos movelo ata outro webmix arrastrando o bloque ata a pestaña para “metelo dentro del”.




No noso caso real, así quedou o bloque de acceso á información de Netpuno na wikipedia. No seu momento non escollimos ningunha imaxe e deixamos que escollera sybaloo, pero agora dámonos conta de que igual quedaba mellor cunha imaxe de “Neptuno”.

Como podemos cambiar agora a imaxe (ou outro dato deste bloque)?

### 9.- Modificando un bloque xa creado: “poñendo a imaxe de Neptuno no bloque”

Calquera bloque que xa conteña unha ligazón poderá ser modificado tantas veces como se queira, no noso caso imos modificar o noso bloque, para que amose a imaxe de Neptuno e así sexa máis doado de localizar polo alumnado.

En primeiro lugar deberemos ter gardada unha imaxe de Neptuno no noso ordenador (lembra que calquera imaxe de internet pode ser gardada premendo co botón dereito sobre ela e escollendo a opción “gardar imaxe”).




Premendo co botón dereito sobre o bloque veremos aparecer un menú flotante. Entre as opcións que alí atoparemos está a de “modificar”, esta é a opción que nos interesa para “modificar o noso bloque” para incluír a imaxe de Neptuno no fondo do botón.



No momento en que escollamos a opción “modificar” voltará a aparecer a ventana lateral cos datos do noso bloque, tal como a deixáramos no momento de crear o bloque.



Neste caso escolleremos o botón “subir una imagen”, e buscaremos a imaxe no noso ordenador, en canto a teñamos tan só deberemos escollela co rato e permer enviar na seguinte pantalla que ves de seguido.



Seleccionamos que parte da imaxe queremos amosar, unha parte ou toda, arrastrando as esquinas do cadrado co rato.



Así queda agora o noso botón, coa imaxe de Neptuno de fondo.


#### BORRAR UN BLOQUE:

Podes borrar un bloque arrastrándoo ata o botón “borrar”, ou ben facendo click co botón dereito e escollendo a opción “borrar”.

Serías capaz de engadir un “vídeo sobre Neptuno” no webmix do teu symbaloo

### 10.- Organizando o meu webmix: movendo bloques

No noso exemplo, o webmix do espacio, temos unha chea de textos e vídeos sobre os planetas, galaxias, etc... como dispoñemos dun espazo moi amplo no webmix, poderemos organizar xuntos nun lado os vídeos, noutro os documentos de texto, noutro os xogos... ou ben podemos deixalos todos mesturados.






En todo caso para mover un bloque de sitio bastará con facer click sobre el e arrastralo ata o lugar que queiramos, movéndoo tantas veces como queiramos.

### 11.- Facendo o noso webmix máis bonito: “un fondo do espacio”

Seguindo os pasos anteriores temos o noso webmix con ligazóns que queremos empregar na aula, pero queremos que sexa un pouco máis atractivo, e para iso imos facer que o noso webmix teña un fondo máis atractivo (e non o negro que ven por defecto). Debemos ter en conta que estes cambios de fondo e aparencia só os veremos nos webmix privados e non nos que fagamos públicos e vexa o alumnado.

**Opciones:**  
Co noso webmix seleccionado (escollendo a súa pestana), prememos no botón “opciones” para cambiar as características entre elas o fondo, que é o que queremos neste caso.



Podemos cambiar o nome do noso webmix

**Cambiar o fondo do webmix:**  
Podemos cambiar o fondo do webmix indicando unha cor, usando unha das imaxes que nos ofrece symbaloo ou ben empregando a nosa propia imaxe, que teñamos gardada no ordenador. Premendo “subir imagen”

Podemos cambiar o icono do noso webmix


Podemos cambiar o tamaño do webmix  
Se imos facelo público (compartido) a parte que ampliemos non se amosará a aqueles que accedan, o cambio de tamaño so se aplica a webmix privados.

Podemos eleixir se o fondo e ou non transparente

Así queda o noso webmix “o espacio” co fondo da vía lactea...

Agora tan só teño que seguir engadindo máis ligazóns a medida que as vaia atopando ou queira empregalas na aula.

Lembra que na versión gratuita de symbaloo os cambios de fondo e de aparencia no webmix non se amosan nos webmix públicos.




**11 .- Webmix público ou privado (compartido)?:  
“o webmix do espacio ten que ser accesible para os alumnos/as”.**

Cando se crea un novo webmix por defecto é marcado como privado, é dicir só ti co teu correo e contrasinal podes ver o contido dese webmix, isto é interesante se se trata de ligazóns persoais ou as cales queiras acceder só ti.

No noso caso real, tratábase non só de ter un webmix de symbalooedu interesante e bonito con diferentes ligazóns fáciles de identificar, pero o máis importante é que **queremos que esas ligazóns sexan empregadas directamente polos alumnos na aula** (e que incluso poidan acceder a elas desde a súa casa), polo que non ten sentido que o webmix “o espacio” sexa privado, e que teña que introducir o meu contrasinal cada vez que queiran acceder.... o lóxico é que sexa PÚBLICO ou COMPARTIDO.

Lembra que se compartes (fas público un webmix) só se aplica a ese webmix en concreto e non ó resto do teu symbaloo, e que calquera cambio que fagas nese webmix, se queres que se vexa na versión “pública e compartida”, deberás premer o botón “recargar”

Para facer público un webmix (e que calquera poida acceder), tan so hai escoller a pestana do webmix a compartir e hai que premer o botón “compartir”.




**Compartir:**  
Indicaremos o título público do webmix (se queremos cambialo)  
Unha descripción do webmix público (se o desexamos)  
Unhas palabras identificativas – tags (se queremos)  
  
E prememo “compartir mi webmix”

En canto premamos “compartirWebmix” aparecerá aquí o enderezo do noso webmix público.  
  
Este único enderezo e o que deberemos facer chegar ó noso alumnado, por exemplo publicandoo no blog da aula



Así se verá o noso webmix público “o espacio”, cos datos que introducimos no seu momento.... un pouco distinto a como o vemos en “privado”, por exemplo non veremos o fondo de webmix que tiñamos seleccionado.



s personas podrán utilizarlo. Estará disponible en la galería de Symbaloo, tunciarlo en una página web

**Compartir este webmix con todo el mundo**

¿Quieres compartir tu webmix? ¡Copia el enlace siguiente y pégalo donde quieras!

<http://edu.symbaloo.com/mix/oespacio1>

Compartir por mail  Embedded code

Compartir Symbaloo via: espacioWebmix<http://edu.symbaloo.com/mix/oespacio1> via @symbaloo

Share webmix via

[twitter](#) (Identifícate primero por favor)

[facebook](#) (Identifícate primero por favor)

[Cancela](#)


**O espacio**

Acerca de este webmix: Información para a proxecto de traballo de quinto

0 Usuarios de [Twitter](#) [Like](#)

ultima actualización: 25-ene-2014 23:16:46 [▶ Añadir este webmix](#)

Creado por [oscar\\_abilleira](#)

 **symbaloo**  
start simple


## 12.- Facer públicos os cambios que fagamos no webmix:

Cando un webmix é público (compartido) a novas ligazóns que engadamos e os cambios que fagamos, non se verán automaticamente na versión compartida (pública), a razón e que poidas traballar con teu webmix e deixalo o teu gusto (movendo ligazóns ou engadíndoas), e cando o teñas rematado fagas chegar os cambios á versión pública premento o botón “COMPARTIR”.



**ACTUALIZAR:**  
Cando queiras facer públicos os cambios no teu webmix (novas ligazóns, cambios de textos, cores...) debes premer o botón actualizar.

Se non pomes ese botón non perderás os cambios, simplemente quedarán gardados en “privado” e poderás actualizalos noutro momento




**O Espacio**

Acerca de este webmix: Información sobre o espacio para o proxecto de traballo de 5º curso.

0 Usuarios de [Twitter](#) [Like](#)

Creado por [oscarabilleira](#)

ultima actualización: 25-ene-2014 21:43:46 [▶ Añadir este webmix](#)

 **symbaloo**  
start simple

palabras claves relacionadas: espacio, neptuno, galaxia... [▶ Añadir este webmix](#)

**13.- A galería de edu.symbaloo.com:**

Tódolos webmix compartidos, salvo que se indique o contrario, son incluídos na galería webmix de symbalooedu, de xeito que poden ser empregados e consultados por calquera. Entra nestes enderezos.

<http://edu.symbaloo.com/mix/> e <http://symbaloo.com/mix/>

Do mesmo xeito, desde o noso symbalooedu, poderemos buscar aqueles bloques e webmix compartidos empregando o buscador da parte superior, e incluílos no noso webmix se así o desexamos.

Óscar Abilleira Muñiz  
xaneiro 2014

cc - by - sa